

Asunto: Prego de condicións técnicas para a execución dos traballos técnicos de docencia na escola de música moderna e apertura e atención da aula de ensaio da Casa da Mocidade e consello musical

Destinatario: Departamento de contratación

I. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

A) Funcións e cometidos a realizar pola empresa adxudicataria para ámbolos dous lotes:

1. Tarefas

- Apertura nos horarios definidos neste condicionado da sala de ensaio da Casa da Mocidade.
- Atención dos/as usuarios/as e dos grupos de música no relativo ás dotacións de material musical, apertura de instalacións e coidado das mesmas, consello musical e demostración de interpretación musical e atención de persoas usuarias e grupos musicais a nivel telefónico para avisos relacionados coa docencia.
- Realización de informes de incidencias, cadros de utilización de grupos e usuarios musicais.
- Elaboración de programacións didácticas e materiais adaptados aos coñecementos do alumnado.
- Brindar asesoramento aos técnicos municipais en canto a actuacións musicais, concertos e audicións que se programen realizar.
- Elaboración de controis de asistencia mensuais ás clases de música e ensaios.
- Impartición de clases didácticas en materia de música contemporánea con metodoloxías intuitivas, imitativas e outras.
- Mantemento do equipamento e instrumentos musicais, así coma o afinado cando proceda.
- Reunións de coordinación có/a responsable do contrato cando sexa requerido para coordinación dos traballos.
- Dinamización de grupos e publicidade das actividades nos centros educativos: unha vez comezado o curso escolar, e iniciada a execución do contrato, a empresa adxudicataria

levará a cabo a captación do alumnado inicial para cada unha das actividades en colaboración cos centros escolares, a través de titores/as , equipo directivo e ANPA.

-Realización de memoria final con relación de contidos impartidos, partes de incidencias, avaliación final e fotografías da actividade.

2. Duración e temporalización

As clases de música e o asesoramento para aulas de ensaio realizarase dende o mes de setembro ata o 30 de xuño, desenvolvéndose da seguinte maneira:

Mes de setembro: darase a publicidade das actividades, realizaranse as xuntanzas de coordinación e a dinamización e configuración dos grupos interesados en participar.

Lote 1) Mes de outubro ata 30 de xuño: 378 h de xestión e docencia da escola de música moderna (1 grupo de batería, 1 grupo de baixo e 2 grupos de guitarra)

Lote 2) Mes de outubro ata 30 de xuño: 458 h de xestión das aulas de ensaio de grupos musicais.

3. Accións de coordinación, seguemento, avaliación e control

- Tanto a entidade adxudicataria como os usuarios/as quedan obrigados/a ás actuacións de seguemento que dispoña o Concello de Narón. A dirección técnica corresponderá ao Servizo Sociocomunitario, que adscribirá un/unha técnica/o supervisor/a do programa para o seguemento do mesmo.

- A empresa adxudicataria deberá desenvolver os traballos con estrito cumprimento do disposto no prego de condicións e de acordo cás instrucións e directrices que reciba do persoal técnico municipal.

- Por parte da entidade adxudicataria nomearase un/ha interlocutor/a que se relacionará co Concello.

- O/a interlocutor/a sobredito/a deberá asistir a cantas reunións sexan requeridas polo/a técnico/a supervisor/a municipal

Serán función exclusivas do Concello de Narón por medio do Servizo Sociocomunitario as seguintes:

- Dirección técnica

- Selección e aceptación de usuarios/as

- Supervisión do traballo e do programa

- Asignación e modificación de horarios e tempos de cada acción do programa

-Asignación de tarefas e cometidos que haberán de realizar o persoal adscrito, distinto dos recollidos neste documento, así como a súa modificación.

4. Protección de datos

Polas características das tarefas a realizar, o servizo prestado estará suxeito á confidencialidade e o segredo profesional. A entidade adxudicataria enviará contrato de protección de datos tal e como determina a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal.

B) Prestación efectiva do servizo

- a) Considérase que a prestación do servizo terá como lugar a totalidade do termo municipal; e como tempo efectivo de servizo o transcorrido dende a chegada ao punto de realización da acción ata o abandono do mesmo, despois de realizar as tarefas e cometidos previstos. Non obstante o lugar habitual de execución dos traballos será a Casa da Mocidade.
- b) Así mesmo terán a consideración de tempos e lugar de prestación de servizo efectivo as reunións que os/as educadores/as teñan co/a técnico/a supervisor/a municipal por convocatoria desta/e para o seguimento do programa.

C) Recursos técnicos e materiais

Perfil dos profesionais aportados pola empresa:

Lote 1) Dous expertos musicais como mínimo, con experiencia en docencia de materia música actual. A distribución será a seguinte: 1 experto en instrumentos de corda e 1 experto especializado en instrumentos de percusión.

Lote 2) Un experto en educación musical con experiencia en materia musical-grupos musicais

-A formación e experiencia acreditada documentalmente (presentación da documentación correspondente)

-Relación nominal dos traballadores que desenvolverán os traballos.

Recursos materiais a aportar pola empresa:

-Telefonía móbil ou fixa de contacto cós profesionais ou empresa e correo electrónico

- Soportes didácticos e materiais para as clases

-1 vehículo propio para os desprazamentos dos profesionais da empresa

-Instrumentos musicais(cando proceda)

D) Seguro de responsabilidade civil e accidentes

A empresa adxudataria formalizará un seguro de responsabilidade civil que cubra os danos e accidentes que se poidan dar como consecuencia da prestación do servizo (contía mínima de 600.000€) debendo de figurar expresamente na póliza, a cobertura das idades e as actividades do alumnado participante na actividade.

II. DOCUMENTACIÓN DA PROPOSTA

□ Unha memoria descritiva do servizo que pretende prestar a partir do proxecto base do Servizo Sociocomunitario (*Anexo 1*) con extensión máxima de 10 folios DIN A4 por unha soa cara (**Lote 1**) e extensión máxima de 4 folios(**Lote 2**) por unha soa cara con caracteres fonte Verdana de Word e tipoloxía 12 ou similares, que incluirá:

- Contextualización e adaptación á realidade de Narón
- Técnicas e procedementos pedagóxicos
- Secuencia de contidos e obxectivos operativos
- Indicadores e mecanismos de avaliación + resultados esperados
- Descriptor de metodoloxías organizativas cós profesionais do Servizo Sociocomunitario

□ Cadro de persoal, engadindo:

- Acreditación suficiente de formación específica do persoal adscrito ao proxecto e experiencia
- Organigrama funcional que conteña o número de persoas e clasificación laboral e profesional, así como proposta de xornadas laborais e horarios de cada profesional aportado.

Narón, 11 de agosto de 2014

A educadora social do Servizo Sociocomunitario

M^a Mercedes Sánchez Romero

(coleg nº 190)





Servizo Sociocomunitario Municipal
Área de Planificación e de Proxectos

Alfonso Filgueira
López
2008
Revisada: Mercedes
Sánchez
(Agosto 2014)

Proxecto Escola de Música Moderna:

Programa de Mocidade

▪ **Descrición**

Baixo esta denominación facemos referencia a obradoiros musicais para interesados/as en aprender a tocar instrumentos musicais ou perfeccionar coñecementos coa axuda de profesionais. A escola conta cunha sá de ensaio de grupos musicais naroneses formalmente constituídos. Impartiríanse clases de iniciación e clases de perfeccionamento coa finalidade de adaptarse ós diferentes niveis .

As clases dividen os seus contidos en torno ó coñecemento de:

- A guitarra
- A Percusión
- O son

▪ **Obxectivo xeral da actividade.**

Trátase de promover a música realizada polos grupos xóvenes que poidan amosar a súa expresión musical en actuacións en centros cívico sociais, prazas, etc. Ademais de promover a súa formación técnico-musical.

▪ **Oxectivos operativos.**

- Fomentar foros de encontro que propicien o troco artístico-musical entre grupos novos.
- Xerar unha cultura musical entre os máis novos.
- Realizar dúas clases maxistras ó longo do ano para asentar contidos tratados durante o curso e perfeccionar novas liñas de traballo.
- Incentivar o coñecemento de grupos novos e abrílles camiño no panorama musical mediante a realización de encontros de “Kedadas musicais” nas prazas e outros lugares públicos.
- Crear un tecido de accións e recursos para favorecer a “externalización” da súa actividade.

▪ **Recursos humanos.**

- 3 expertos especializados en varios instrumentos (percusión, teclado, corda)
- Un educador social-coordinador municipal
- Un administrativo municipal



▪ **Medios técnicos auxiliares**

- Instalacións municipais: aula de ensaio da casa da mocidade da Gándara
- Medios loxísticos auxiliares : equipos de son, medios auxiliares, etc
- Materiais funxibles de cada acción: carpa, instrumentos musicais, cartelería.
- Medios auxiliares das técnicas e empresas externalizadas.
- Medios auxiliares do Servizo Sociocomunitario (audiovisuais, didácticos, etc..)

▪ **Lugar e datas**

As clases da Escola de música Moderna e os ensaios dos grupos de música, levaranse a cabo na aula de ensaio sita na Casa da Mocidade da Gándara.

As clases e ensaios musicais darán comezo no mes de outubro e prolongaranse ata o mes de xuño (ambos os dous incluídos)

Cronograma horario:

- Para as clases formativas da Escola de Música Moderna organizaranse catro grupos: dous de guitarra, un de batería e outro de baixo , que recibirán as clases musicais un día por semana dúas horas en horario de tarde.
- En canto a utilización das aulas de ensaio, os grupos (previamente inscritos e rexistrados no Concello) poderán utilizar ditas aulas para os ensaios musicais en horario de luns a sábados en horario de tarde(de 17:00-21:30 aproximadamente) sempre baixo a coordinación do técnico musical responsable que teña adxudicada a asistencia técnica e musical do programa.

▪ **Destinatarios:**

Dirixido a mozos/as con inqedanzas musicais. Idades preferentes de 12 a 30 anos, empadroados en Narón (no caso dos obradoiros formativos).

▪ **Inscrición na Escola de Música Moderna:**

A inscrición tanto para a formación musical (clases de guitarra e batería) como para a utilización das aulas de ensaio por grupos musicais, realizarase unha vez aberto o prazo de inscrición no Concello e ata esgotar prazas.

Para apuntarse é preciso estar empadroadado en Narón e no caso dos grupos musicais contar ó menos cun membro empadroadado en Narón (dándose prioridade os grupos que conteñan un número maior de membros empadroados)

▪ **Indicadores de avaliación**

Por obxectivos operativos definidos:

Indicadores de avaliación

- Nº de mozas/os participantes na Escola de Música
- Nº de grupos musicais que ensaian na Escola de Música
- Implicación dos grupos musicais e o alumnado da Escola nos obradoiros e kedadas musicais (maneira de implicación, creatividade, aportacións, etc)
- Continuidade na asistencia as clases musicais e ós ensaios.
- Formación de novos grupos musicais creados na propia Escola.

ANEXO II

Inventario materiais escola de música moderna-aulas de ensaio

- 5 soportes de micro
- 1 mesa de son (da que funcionan 2 canais e o auxiliar)
- 2 micros (1 con cable)
- 2 sillíns
- 2 bombos batería
- 1 xogo de bongós
- 1 xogo de conga e tumbadora
- 1 xogo de rumbeiras
- 8 atriles (dos cales 5 están en bo estado)
- 1 soporte de teclado
- 1 teclado Yamaha con D.K (averiado)
- 1 amplificador de baixo de 150 W (pendente de revisión)
- Pad estudio de bombo
- 1 xogo de pratos
- 1Batería Grestch + soportes(Holder Toms,Jirafa prato,recto prato,pedal bombo,sop.caixa,pé charles) + pratos Set Sabian XS20 perfomance
- 5 amplificadores Fender Frontman 25W(2 canais e reverb)
- 5 amplificadores Fender Rumble baixo 25 W
- 2 amplificadores de guitarra Peavey
- 2 Afinadores Marshall
- 5 Cables de 5 m Fender California (3 en bo estado)
- Baquetas

- 20 púas
- 5 soportes de baixo/ guitarra
- 12 cadeiras
- 1 mesa(tipo escolar)
- 1 mesa madeira con estante pequena
- 2 tarimas de madeira
- 1 pizarra tipo veleda